

XOVES 7 E VENRES 8 DE MAIO DE

2020

Ola de novo! Imos polos dous días desta semana tan cortiña! Coma sempre, preséntovos por aquí as fichas para xoves e venres e algunha actividade de ampliación. A maiores, o venres publicaremos outras ideas máis lúdicas e actividades de reforzo para que vaiades facendo ó voso gusto!

ACTIVIDADES:

- XOVES 7 DE MAIO:

- Ficha 15: MEDIDAS ANCHO Y ESTRECHO:


O Primeiro que imos identificar é que se ve nas imaxes, coñecedes as fervezas? E como se producen? Que cres que hai enriba dela? De onde ven? E abaixo formarase algo? Intentade dar resposta a estas preguntas e despois identificade as diferencias entre as dúas fotografías.

Daranse conta que é o “tamaño”, unha grande e outra pequena, pero debemos ensinalles que é o ancho e o estreito, o que ocupan, a diferenza. Unha vez adquiridos estes conceptos, deben buscar pola casa obxectos anchos e estreitos e explicar a diferenza.

A continuación farán a actividade que consiste en pegar papeis brancos na cascada ancha e picar a estreita, senón teñen como picar, pódena recortar e pegar por atrás papeliño azul, como se fose auga.

Polo reverso, deberán debuxar unha árbore con tronco ancho no que se refusa Cora e polas estreitas, nas que poderán facer algunha froita, ou flor, xa que estamos na primavera!

Se tedes internet, podedes ensinalles fotos de fervezas que hai preto de nós, seguro que algunha xa a visitaron! Déixovos a continuación un bonito debuxo para colorear.



○ Ficha 16: PALO DE LLUVIA:

Aínda que ó mellor non se dan conta, esta actividade xa a realizamos na aula outro ano: o pao de chuva, polo que, en primeiro lugar, preguntaremos se o recordan e para que servía. Despois, falaremos sobre a música, os instrumentos, cales lles gustan máis, cales menos, se todos se tocan igual...diferenciando aqueles que son de percusión (tócanse dando golpes), de aire (necesítase soprar para que soen) e de corda (teñen cordas para facer música).

Despois faremos a actividade, rodeando os elementos que son necesarios para facer o pao de chuva e debuxando un instrumento parecido, ou que se toque da mesma maneira.

Esta actividade, xenerará a súa curiosidade e...que mellor que facer o seu propio instrumento na casa! Para iso, necesitates:

- Un tubo de papel hixiénico.
- Témperas ou pinturas de cores.
- Arroz.
- Trozos de papel.




gusto e, cando estean rematado, a axitar e facer música! Parecerá unha maraca!

O seu procedemento é moi fácil. Pintarán o tubo de cartón e taparedes un dos extremos con papel, pegándoo ben ou poñéndolle unha goma para que non se abra. A continuación enchédolo de arroz e tapades o outro extremo da mesma maneira. Pódeno decorar o seu





Para que saibades un pouco máis nos instrumentos, déixovos algunha actividade complementaria.



(En castellán)

A	C	O	R	D	E	O	N	Q	H
E	W	S	A	N	G	E	C	G	O
T	Y	P	T	D	O	F	H	U	J
A	I	L	V	G	L	B	A	I	H
M	N	D	I	X	T	T	Q	T	I
B	T	R	O	M	P	E	T	A	P
O	U	V	L	I	K	T	A	R	E
R	B	P	I	A	N	O	N	R	X
Y	N	C	N	R	S	F	S	A	G
X	T	V	A	F	L	A	U	T	A




Nombre: _____

Fecha: _____

INSTRUMENTOS MUSICALES

Une con una flecha de color según corresponda.





DE VIENTO

DE CUERDA

DE PERCUSIÓN






Une los instrumentos de la misma familia y coloréalos



INSTRUMENTOS MUSICALES

Completa las líneas punteadas según corresponda.



Tamén algún enlace para ver vídeos interesantes:

<https://www.youtube.com/watch?v=0cXfbb39VQ4>

<https://www.youtube.com/watch?v=0cXfbb39VQ4>

https://www.youtube.com/watch?v=iPvI8BuF_xQ

<https://www.youtube.com/watch?v=gOwDwjR7mil&pbjreload=10>

https://www.youtube.com/watch?v=DMu0Vp_doZY


- **VENRES 8 DE MAIO:**

o Ficha 17: EN EL FONDO Y EN LA SUPERFICIE:

Hoxe voltaremos a falar do mar, un medio que a todos vos gusta moito e no que oxalá, poidamos bañarnos este verán! Explicarlle a mamá, papá, que vos axude, que é o mar, de onde ven, como se pode ir por el, quen vive... E despois, deixade voar a vosa imaxinación e create o voso propio océano! Debuxade animais, plantas, tesouros...o que vos queriades ver si ides bucear na praia...seguro que saíran paisaxes preciosos! Xa que estades buceando...alguén vos terá que esperar na superficie así que...debuxade tamén o barquiño que vos espera! Ponlle un nome e decórao como máis che guste!

Agora, é hora de experimentar, xa que...porqué caen as cousas ó fondo do mar e non as volvemos a ver? Algunhas flotan? Cando vos bañades na praia...por qué non ides para o fondo?

Imos poñer nunha tina auga, e agora...ide botando todas aquelas cousas que queredes para saber se flotan ou non...o papel? Un lapis? O vaso do iogur? Unha goma? Unha moeda?...Ide observando o que pasa, e despois facede dous grupos, cos que flotaron e cos que se foron ó fondo...porque será? Seguramente o peso terá moito que ver ☺



○ FICHA 18: LOS EXPERIMENTOS DE CORA:

Moi relacionado ca proposta anterior, imos ver outra actividade de flotación, neste caso cun ovo! Pero primeiro imos a probar a auga de dúas maneiras. Colle dous vasos con auga, nun bótalle un pouquiño de sal, e na outra azucre. Proba un sorbiño, AVISO...UN SORBIÑO! Que sensación che produce? Notas diferencia? Cal dos dous vasos sabe a auga do mar? Si, o que leva sal, xa que a auga dos mares e océanos é salgada! ☺ E por iso é moi importante non tragala cando nos imos bañar...seguramente non che gustou nada!

Agora, escribe auga, sal e azucre onde corresponde na ficha pero prepárate...que queda outro experimento!

Necesitarase neste caso dous recipientes máis grandes, de dous litros máis ou menos cada un. Nun deles, botar 700 gramos, máis ou menos de sal. Cando estean preparados, botar un ovo e un limón, no de auga doce, pero antes preguntar que creen que pasara. Despois de comprobar que o ovo se funde e o limón flota, facer o mesmo na auga salgada...oh! agora flotan os dous! Porque será? A densidade coa sal...fai cambiar as propiedades da auga!

Así que agora, xa podes pegar a pegatina do ovo no lugar do vaso que corresponde, xa o descubriches!

Estades aínda secos? Con tanta auga seguramente é moi difícil! Así que por hoxe e para rematar a semana, estivo ben...agora a limpiar todo e recoller! Que seguramente fai falta! ☺

Moito ánimo castores maiores!!!!!!